



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES (AGE) PARA A PARTICIPACIÓN E ASISTENCIA ÁS FEIRAS INTERNACIONAIS DO LIBRO, PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E PARA O MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio coa ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES, por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de actividades de promoción e difusión do libro e da lectura, tales como:
 - Asistencia a feiras profesionais. Co obxectivo de visibilizar o traballo produtivo dos editores
 - Premios Gala do libro 2016. Nesta actividade faise un recoñecemento a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2015 en Galicia
 - No apartado de formación, a AGE organizará ao longo deste ano 2016 varios seminarios e xornadas formativas relacionadas cos aspectos máis salientables do ámbito produtivo e comercializador

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación Galega de Editores é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión do libro e da lectura.

Polo que a Asociación Galega de Editores é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o de beneficiario da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de xuño de 2016.

(asinado dixitalmente)

